

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

CONVOCATORIA DUN PROCESO DE SELECCIÓN PARA OS CENTROS DE FP CON CICLOS MEDIOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A PARTICIPAR COMO ENTIDADES DE ENVÍO DENTRO DO PROXECTO "PRACTICUM DEPO 2019" DE MOBILIDADE QUE SE PRESENTARÁ NA CONVOCATORIA ERASMUS+2019

PRÁCTICAS LABORAIS EN EUROPA PARA PERSOAS RECENTEMENTE TITULADAS DE CICLOS MEDIOS DE FP

Obxecto

A Deputación de Pontevedra ten previsto presentarlle unha proposta ao SEPIE (Servizo Español para a Internacionalización da Educación) dentro do programa Erasmus+ para persoas recentemente tituladas de ciclos medios de formación profesional da provincia de Pontevedra. O proxecto consiste na realización de prácticas en empresas do sector privado ou en organismos públicos europeos durante un período de 6 meses aproximadamente co fin de promover e completar a súa formación académica, impulsar a súa inserción laboral, facilitar a súa futura incorporación ao mercado de traballo e aumentar as súas competencias en linguas estranxeiras.

Por este motivo, convócase aos centros educativos con ciclos medios de formación profesional que queiran participar como entidades de envío dentro do proxecto que se presentará na convocatoria Erasmus+ 2019.

Prazo

O prazo de presentación das solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Solicitudes

Para poder participar neste proxecto:

1.º) Será necesario presentar unha solicitude por escrito na que se fará constar o interese do centro educativo en participar na convocatoria. Estas solicitudes irán dirixidas á presidencia da Deputación de Pontevedra e presentaranse no Rexistro xeral da institución provincial (de luns a venres, de 8:30 a 14:30 h e de 17:00 a 19:00 h) ou no da súa sede de Vigo (de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h) ou ben nos lugares e forma establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Luns, 19 de novembro de 2018

Núm. 222

Se a solicitude se remite por correo ou a través do Portelo único deberase enviar ademais un correo electrónico, no que se achegue a solicitude en PDF selada (debe constar o selo do rexistro onde se presente, coa indicación do lugar, a data e a hora), ao enderezo electrónico fp@depo.es. De non se realizar deste xeito a solicitude eliminarase automaticamente do proceso.

2.º) A solicitude deberá incluír os seguintes datos:

2.1. Obxecto da convocatoria: prácticas laborais en Europa para persoas recentemente tituladas en ciclos medios de FP.

2.2. Datos do centro educativo:

2.1. Número PIC e CIF do centro educativo

2.2. Nome, correo electrónico e número de teléfono da ou do representante legal do centro.

2.3. Identificación da ou do profesional do centro educativo que actuará como persoa de contacto, achegando o seu correo electrónico e número de teléfono.

2.4. Orde de preferencia nas titulacións para as que se solicitan as bolsas indicadas con detalle e os países de destino suxeridos.

2.5. Número de persoas empregadas.

2.6. Número de alumnas e alumnos.

2.7. Número de bolsas solicitadas, tanto para alumnado como para docentes.

3.º) Aceptación e cumprimento dos criterios de selección das persoas bolseiras (anexo I), que deberán respectar en todo caso o principio de transparencia, equidade e igualdade, e facer mención expresa á supervisión do proceso selectivo polo xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra (ou persoa en quen delegue).

4.º) Presentación do anexo II (experiencia do centro educativo) cuberto, de cara á súa inclusión na solicitude da convocatoria do ERASMUS+.

5.º) É condición imprescindible para poder realizar a mobilidade que o alumnado sexa maior de idade e teña todos os módulos do ciclo medio aprobados, incluído o módulo FCT, antes do inicio do período de mobilidade.

Seleccionaranse todos os centros de FP que o soliciten e cumpran os requisitos de acordo coa presente convocatoria e demais requisitos legais establecidos na Lei. Non obstante, ante o descoñecemento do número de centros de formación e de mobilidades que estes van solicitar, o método de selección para determinar as persoas beneficiarias das bolsas será, sen prexuízo do número de mobilidades que concederá o SEPIE, o seguinte:

- Se o número de centros de formación supera os 60: intentarase asignar unha bolsa por centro.



Luns, 19 de novembro de 2018

Núm. 222

- Se o número de centros de formación está entre 40-60: intentaranse asignar dúas bolsas por centro.
- Se o número de centros de formación está entre 30-39: intentaranse asignar tres bolsas por centro.
- Se o número de centros de formación é menor de 30: intentaranse asignar catro bolsas por centro.

Os centros educativos cuxo alumnado titulado renuncie á mobilidade despois da aceptación poderán ser penalizados co conxelación ou redución no número de mobilidades totais.

Debido ao descoñecemento do número de solicitudes que se van presentar, así como do número e duración das mobilidades que asignará o SEPIE, a Deputación de Pontevedra non pode garantir un número exacto destas. Unha vez que o SEPIE aprobe o proxecto e a cantidade de mobilidades subvencionadas, as bolsas asignarase de forma proporcional, tendo en conta os criterios mencionados e intentando garantir un mínimo por centro. En caso de que o número de mobilidades aprobadas polo SEPIE non cubran ese mínimo por centro, o total de prazas asignarase de xeito proporcional ao solicitado respectando que cada centro teña, polo menos, unha mobilidade. A Deputación proporá o reparto de mobilidades en base aos factores mencionados, e este criterio estará suxeito á decisión dos membros do consorcio que se forme que constará en acta levantada para ese efecto.

Para aquelas mobilidades que quedasen sen asignar e non exista acordo o Comité de mobilidade da Deputación determinará por motivos de estratexia e xestión do proxecto as familias e os centros elixidos, previa reunión con todos os centros para consensuar os criterios que se seguirán para tomar esa decisión.

A solicitude e o Anexo II descargaranse en www.depo.gal/web/edepo/practicumdepo/erasmus

Resolución

A relación provisional dos centros interesados publicarase no prazo máximo dun mes no taboleiro de anuncios da Deputación, na súa páxina web www.depo.es e no BOPPO.

O prazo para presentar alegacións será de dez días naturais. Logo de transcorrido este tempo publicarase a lista definitiva nos medios sinalados anteriormente.

Os datos persoais das e dos beneficiarios que se reciban no Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local derivados das xestións correntes deste programa serán tratados conforme o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) o Real decreto lei 5/2018, de 27 de xullo, de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos e demais normativa concordante de aplicación, debendo ser informado o alumnado de maneira explícita ao respecto.



Luns, 19 de novembro de 2018

Núm. 222

O desenvolvemento efectivo das prácticas queda suxeito á aprobación definitiva do proxecto por parte do SEPIE.

Pontevedra, 26 de outubro de 2018

A deputada delegada,

María Montserrat Magallanes Álvarez

ANEXO I
CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BOLSEIRAS

Establécense os seguintes criterios do baremo. A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

1. Adecuación da titulación e do perfil da ou do candidato (30 %).
2. Expediente académico (20 %)
3. Coñecementos de idiomas (20 %)
4. Méritos (10 %)
5. Entrevista persoal (20 %)

O proceso selectivo supervisara o xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra (ou a persoa en quen delegue).

En caso de empate, os criterios de desempate serán, por esta orde:

- Maior puntuación no expediente.
- Maior puntuación na formación en idiomas.

En caso de continuar empatados, o desempate determinarase por decisión do centro educativo.

1. ADECUACIÓN DA TITULACIÓN E DO PERFIL DA OU DO CANDIDATO (30 %)

- Valorarase, ata un máximo de 2 puntos, a motivación, a autonomía, a madurez, o compromiso co programa, as habilidades comunicativas (a partir do informe da ou do titor, do equipo didáctico ou da ou do orientador do centro).
- Valorarase a actitude nas clases e a asistencia regular ao ciclo cursado ata un máximo de 1 punto:
 - Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas: 0,5 puntos
 - Asistencia de menos do 90 % das clases lectivas: 0 puntos
 - Ausencia de faltas de conduta: 0,5 puntos
 - Existencia de algunha falta de conduta: 0 puntos



Luns, 19 de novembro de 2018

Núm. 222

2. EXPEDIENTE ACADÉMICO (20 %)

Valorarase ata un máximo de 2 puntos calculando a media aritmética das cualificacións obtidas no ciclo formativo de grao medio (dos cursos finalizados):

PUNTUACIÓN NUMÉRICA	PUNTUACIÓN NON NUMÉRICA	BAREMO
Do 6 ao 6,99	Aprobado	0,5
Do 7 ao 8,99	Notable	1
Do 9 ao 10	Sobresáinte	1,5
	Matrícula de honra	2

Non se terán en conta as cualificacións convalidadas.

3. COÑECEMENTOS DE IDIOMAS (20 %)*

3.1 Titulacións do idioma inglés:

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado, ata un máximo de 2 puntos.

A1:	0 puntos
A2:	0,5 puntos
B1:	1 puntos
B2:	1,5 puntos
C1 ou C2:	2 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (escrito + oral) puntuable ata un máximo de 1 punto.

3.2 Baremo dun segundo idioma: valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación de certificado oficial, do mesmo xeito que para o inglés, ata un máximo de 1 punto:

A2:	0,5 puntos
B1, B2, C1, C2:	1 punto

* A puntuación máxima que se pode obter neste apartado é de 2 puntos.



Luns, 19 de novembro de 2018

Núm. 222

4. MÉRITOS (10 %)

Valorarase con 0,5 puntos cada título de formación profesional de grao medio diferente ao que lle dea acceso á mobilidade, ata un máximo de 1 punto.

5. ENTREVISTA PERSOAL (20 %)

Habilidades persoais e sociais suficientes para desenvolverse en contornos distintos os acostumados. Valorarase a acreditación de pertenza a calquera tipo de ONG ou participación en programas de voluntariado, interese, iniciativa etc.

Non obstante o anterior, todos os criterios poderán ser valorados con puntuación cero en caso de que o comité de selección constituído en cada centro educativo o considere oportuno. Neste sentido, incluso no caso de que unha ou un alumno cumpra os requisitos formais para o acceso a unha das prazas para realizar unha mobilidade Erasmus+, as e os membros do comité de selección de cada centro de FP poderán denegarlle directamente o dereito sen mais trámite en caso de que estimen que non cumpre os criterios mínimos para a súa realización en canto a conduta, comportamento, entorno, motivación, factores educativos, traxectoria, actitude etc.).

ANEXO II

EXPERIENCIA DO CENTRO EDUCATIVO

DESCRIBA BREVEMENTE A SÚA ORGANIZACIÓN (oferta educativa do centro: familias profesionais, contornos socioeconómicos e sociais do centro, ano creación do centro...)

¿CALES SON AS ACTIVIDADES E A EXPERIENCIA DA SÚA ORGANIZACIÓN NAS ÁREAS RELEVANTES PARA A SOLICITUDE DA MOBILIDADE? (experiencia na xestión noutros programas europeos, experiencia en proxectos de calidade e innovación educativa, transferencias en boas prácticas etc.)

INDIQUE O PERSOAL IMPLICADO NESTE PROXECTO E AS COMPETENCIAS PREVIAS QUE ACHEGUE A ESTE (existencia de persoal específico para a xestión de proxectos europeos, coñecementos de idiomas etc.)

MELLORAS ESPERADAS COA PARTICIPACIÓN DO CENTRO NESTA CONVOCATORIA DE MOBILIDADE ERASMUS+ (mellorar a competencia lingüística do alumnado, dimensión europea, aumento da empregabilidade do alumnado etc.)

¿SOLICITOU OU RECIBIU ALGUNHA AXUDA DE CALQUERA PROGRAMA DA UNIÓN EUROPEA NOS ÚLTIMOS DOCE MESES? INDIQUE CALES

PROGRAMA EUROPEO	ANO	NOME DO PROXECTO	ENTIDADE SOLICITANTE

